



Terra en transo

Dragona · Xavier Queipo · Xerais, 2007
· 304 páx. · 16 euros

Nunha secuencia do filme de Robert Redford *O río da vida*, adaptación dun relato autobiográfico do escritor Norman MacLean, o pastor presbiteriano que encarna Tom Skerritt corríxelle ao seu fillo maior unha redacción, e pídelle que a compoña de novo de maneira que a súa extensión fique dividida por dous. Cando o cativo o consegue, o predicador insiste en que a reescriba, procurando que unha vez máis o texto ocupe a metade do espazo, atendendo a un criterio estrito que asocia arte literaria con economía expresiva. En moitos autores norteamericanos, desde Dashiell Hammett até Ernest Hemingway, está presente ese gusto por unha prosa espartana, que non dedica catro frases a aquilo que pode ser contado en dúas, e que non por iso (antes polo contrario) renuncia á profundidade e á beleza.

Xusto a antítese dese estilo minimalista é *Dragona*, de Xavier Queipo, unha obra verborreica e incómoda que esixe demasiado esforzo do lector para o que finalmente ofrece. Ambientada nun lugar ao que se lle chama “cidade do esteiro”, a novela agrupa varios personaxes procedentes de diferentes partes do planeta que gravitan arredor de *Dragona*, unha emigrante arxentina “cunha parte de anxo e outra de monstro, como todos os seres humanos”, en palabras do autor. Son figuras que deambulan sen rumbo nunha sociedade en proceso de transformación, no punto xusto en que a metamorfose a deixa sen estrutura. Relato de soidades en compañía, de relacións que van

e veñen guiadas por paixóns e sentimentos fugaces, *Dragona* posúe un intenso pouso de desesperación, máis que de pesimismo, e unha evidente vontade de erixirse en parábola multicultural dun tempo novo, cambiante e caótico. Pero independentemente de que se comparta ou non a visión de Xavier Queipo, o certo é que a posíbel forza da súa proposta temática dilúese por mor da debilidade da escrita, malia os doce anos de elaboración e as diversas relecturas.

A novela avanza con ritmo mortificante, dirixida por unha voz que estende os parágrafos sen medida e que se detén a cada paso en enumeracións de dubidosa utilidade. Unha voz que adoita empregar vocabulario científico veña a conto ou non, que describe os peixes dun estanque citando as “exoftalmías acadas logo de cruzamentos consanguíneos”, que aquí e acolá deixa caer “agonías espásticas”, “depleccións de adrenalina”, “fluxos endoplásmicos”, “delirios ómnicos” e “cronoloxías etolóxicas”, e que para tratar a atracción/obsesión dun home por outro di que o ten presente “nas vesículas colinéxicas, nos activadores encimáticos, nas fronteiras xelatinosas da glía”. Porén, ese narrador que solta tecnicismos páxina si, páxina tamén, considera necesario lembrarlle ao lector que o iuan é a moeda chinesa, fai aclaracións que non aclaran nada (“Rice chegara anos atrás dun punto perdido da China”) e permítese insólitas explicacións, como que dunha muller que aparece no texto se sabe que é mexicana “pola tendencia á flatulencia”, apuntando escatolóxico que terá logo o seu momento máximo nos “peidos de moito

cornetín” e o “fluido semisólido de fedor impracticábel” que aparecen froito dun inoportuno cólico da protagonista. Ese narrador con paixón polas esdrúxulas, o das “salmodias estocásticas” e os “oxímoros impracticábeis”, é o mesmo que fala da novela que escribe un dos personaxes explicando que “estruturaba minimamente cada capítulo, por suposto, mais a estrutura non era agora tan pechada como nos capítulos inicial e final, de sólida estrutura”, e por se non é desleixo dabondo repetir tres veces unha palabra nunha frase, volveremos vela logo dúas veces máis nas seguintes liñas. Os diálogos,



inzados de xiros coloquiais (os personaxes chámanse os uns aos outros “rei”, “corazón”, “negra mía”, “langrán”), révelanse na práctica pouco espontáneos, derivando nun rexistro híbrido que nin soa literario, nin soa natural.

Dragona é en suma un produto tan ambicioso como frustrante, no que se agradece a intención do autor por facer un texto traballado e esixente, pero cuxos resultados están moi lonxe dos que serían desexábeis.

// Martin Pawley

De Ártico a Dragoná

Armando Requeixo

Xavier Queipo figura entre o máis escolleito da narrativa galega dos últimos anos. Agora que se publica un seu novo libro, *Dragona*, botando a vista atrás fican case vinte anos de obra singular coa que foi gañando un lugar propio nas nosas letras.

Dende a nacemento mesma de *Ártico e outros mares* (1990), a primeira obra do escritor, Queipo deixou asentadas as trabes mestras do seu particular mundo literario, como se ese libro orixe fose o centro dunha espiral creativa que logo abriría os brazos durante estes anos desenvolvendo as posibilidades que daquela lantexaban larvarariamente.

Así, ao longo deste tempo o autor foi cultivando o gusto pola temática mareira (dende as apracibles praias caribeñas ata os fríos glaciares nórdicos), a ambientación cosmopolita (igual Mumbai ca Vietnam, o mesmo Compostela cá illa de Ceilán), o xogo diarístico (máis ou menos ficcionalizado, segundo os casos), as difusas fronteiras entre o ensaísmo divulgativo e o relato de ficción científica (retroalimentando cos seus saberes de biólogo e médico moitas das súas páxinas supostamente fantásticas), os esforzos por lograr unha dicción poética nos períodos, as características e numerosas notas a rodapé (inevitable marca da casa, que explican aquí ou acolá termos infrecuentes ou especializados), o fagocitar metaliterario (en citas, homenaxes, revisitacións)...

Depois virían os versos (con diversos poemarios publicados), as fatigas de tradutor do inglés (Joseph Conrad) e francés (Amin Maalouf e Hervé Guibert), as obras infantoxuvenís (*O espello* e *o dragón*), e a articulística varia (sobre temas de actualidade e pensamento literario).

Porque son abondosos os grandes ríos que alimentan o fluír desta corrente literaria do autor da Porta dos Mariños. Velaí a xinea dos aventureiros con Salgari, London ou Stevenson á cabeza, mais tamén co escuro e moi admirado Conrad, as preferentes lecturas de Borges e Cavafis ou Manuel Antonio, o recendo desolador de Sábato e aínda o pulso omnirreflexivo de Saramago. Compañeiros todos de viaxe que dialogan coa obra dun Queipo versátil, capaz tanto de asolagarnos nun narrar exotizante ancorado no Caribe, na Campuchea ghmer, Hong-Kong ou a China e o Xapón imperiais (*Malaria sentimental*, *Os ciclos do bambú*, *Ringside*...) como de profundar nas ocultas razóns do íntimo nunha traxedia moderna de épica cega (*Papaventos*).

A contracorrente, inconformista e autoesixente, a escrita de Xavier Queipo abre sempre espazos para a reflexión.